

ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DUN/HA TRABALLADOR SOCIAL /COORDINADORA DOS SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

En Monforte de Lemos, sendo as 10.15 horas do día 10 de marzo de 2016 reúnese na Sala de Xuntas do Concello de Monforte de Lemos o Tribunal cualificador das probas de selección dun/ha Traballador/a Social-Coordinador/a dos Servizos Sociais do Concello de Monforte de Lemos durante as vacantes temporais que se podan dar.

Preside a sesión D^a. M^a. José Méndez Rodríguez; como Vocais asisten; D^a. Patricia Payo Moure, D^a. Iria Camba Rey e D. José M^a Valcarce Rodríguez, asistindo como Secretario D. José M^a Baños Campo.

Aberta a sesión pola Sra. Presidenta, declárase constituído o Tribunal do proceso selectivo de referencia e a continuación, tendo en conta o disposto na convocatoria do Tribunal, se procede á valoración dos méritos do concurso ás candidatas admitidas cos seguintes resultados.-

()O tribunal adopta como criterio que a puntuación obtida de cada mérito redondearase ao segundo decimal.*

D.N.I	Experiencia	Total	Coñecemento idioma galego	Total	TOTAL
44473094-H	0,08+0,35	0,43	Aporta Celga IV	0,5	0,93
44460543-W	0,06-0,08-0,05-0,18-0,04	0,41	Aporta Celga IV	0,5	0,91
33542554-K	0	0	-	0	0
36132008-C	0,26+1,13+0,15+0,04	1,58	Aporta Celga IV	0,5	2,08
34265421-K	0,15+0,02+0,10+0,51+0,10+0,30	1,18	Aporta Celga IV	0,5	1,68

Concluída a fase de concurso o Tribunal previa determinación das probas a realizar segundo o disposto na base 6^a das específicas do proceso referente á fase de oposición acorda convocar a todas as aspirantes da proba selectiva, á realización dunha proba teórica tipo-test e unha proba práctica que terá, lugar **ás 9:30 do día 16 de MARZO de 2016, na Aula do Polideportivo Municipal de A Pinguela, na estrada de Sober s/n; e ás 11:30 do día 16 de MARZO de 2016, na Aula do Polideportivo Municipal de A Pinguela, na estrada de Sober s/n, respectivamente.** A realización da proba práctica, que deberá ser lida ante o Tribunal, soamente accederán aquelas aspirantes que superasen o primeiro exercicio tipo-test.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas a Sra. Presidenta levanta a sesión, da que como Secretario dou fe.

A PRESIDENTA,



AS/OS VOCAIS,

O SECRETARIO,

